



## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 19-12-2018.

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezaioito, na sala de reunións do segundo andar da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D.<sup>a</sup> Marta Rey Lema  
D. José Antonio Vidal Mira  
D.<sup>a</sup> María Élda Pequeño Lorenzo  
D.<sup>a</sup> Estephanie Castro Oanes  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D. Mario Andújar Mouzo  
D.<sup>a</sup> Paula Mouzo Maceiras  
D.<sup>a</sup> Raquel Rodríguez Amigo  
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García (secretaria do Concello de Xermade en réxime de acumulación de funcións no Concello de Vimianzo).

O alcalde explica que o motivo da convocatoria desta sesión extraordinaria é a aprobación da solicitude de participación no POS+2019, que remata o 20 de decembro de 2018.

Gárdase un minuto de silencio pola moza asasinada en Huelva, Laura Luelmo, un novo crime de violencia machista, e tamén polo naufraxio acontecido en Fisterra, que se saldou con varios mariñeiros mortos e tres seguen desaparecidos.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS+ 2019" .**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras reunida o 14 de decembro de 2018, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019".**

Tendo en conta as bases reguladoras do **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"** da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 188 do 2 de outubro de 2018, así como a circular remitida pola Deputación o 2 de outubro de 2018, con RE 6011/18, no que comunican que a cantidade asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 876.406,54 euros, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	--	--	--
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	--	--	--
<b>Subtotal pago a provedores</b>	--	--	--

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	410.584,64
<b>Subtotal gasto corrente</b>	410.584,64

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
--	--	--	--
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>			

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da avenida da Gándara entre o Instituto e a área recreativa do muíño no Concello de Vimianzo	78.206,77	0,00	78.206,77
Arranxo da pista que une Vimianzo cos lugares da esquipa en Cereixo e Montecelos en Carnés, e da que une a Pedra do Frade e A Bouza en Berdoias no Concello de Vimianzo.	105.628,70	0,00	105.628,70
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	183.835,47	0,00	183.835,47

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Mellora do pavimento interior no lugar do Outeiro de Baiñas no Concello de Vimianzo.	78.756,37	0,00	78.756,37
Rede de saneamento no lugar de Lavandeira de Castrelo no Concello de Vimianzo	68.230,06	0,00	68.230,06
Senda peonil na contorna do rego de Cambeda dende R/Vilar ata Avda. Fisterra	135.000,00	0,00	135.000,00
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	281.986,43	0,00	281.986,43

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.



D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
--	--	--
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		--

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2018</b>	0,00		0,00
	<b>Achega 2019</b>	0,00		0,00
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2019</b>	410.584,64		410.584,64
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	0,00	0,00	0,00
	<b>Achega 2018</b>	183.835,47	0,00	183.835,47
	<b>Préstamo 2019</b>	281.986,43	0,00	281.986,43
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2019</b>	0,00		0,00
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	410.584,64	0,00	410.584,64
	<b>Achega 2018</b>	183.835,47	0,00	183.835,47
	<b>Préstamo 2019</b>	281.986,43	0,00	281.986,43
	<b>TOTAL</b>	876.406,54	0,00	876.406,54

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Arranxo da fachada e da cuberta da escola unitaria do lugar de Castromil de Salto no Concello de Vimianzo	45.000,00
Rede de saneamento na zona do Outeiro de Braño en Carantoña, no Concello de Vimianzo	47.749,85
Arranxo do tramo de vía entre Bañas e o Subeiro en Serramo, no Concello de Vimianzo	128.139,96
<b>TOTAIS</b>	<b>220.889,81</b>



3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos e se está tramitando a obtención dos mesmos para os proxectos de "Senda peonil na contorna do rego de Cambeda dende R/Vilar ata Avda. Fisterra", "Mellora da avenida da Gándara entre o Instituto e a área recreativa do muíño no Concello de Vimianzo" e "Rede de saneamento no lugar de Lavandeira de Castrelo no Concello de Vimianzo", e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,  
O alcalde,

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que esta proposta de investimentos atende a demandas sociais nas diferentes parroquias: en moitos casos trátase de rematar obras xa iniciadas en anos anteriores (caso da avenida da Gándara) e noutros casos son obras novas, coma o saneamento en Braño, no lugar de Outeiro, ou en seguir co plan de mantemento de pistas. Veñen a completar iniciativas que comezaron noutro momento ou que se incluíron noutros plans.

A concelleira socialista sinala que o PSOE non vai dicir que non a obras beneficiosas para os veciños, pero pide que se teñan en conta outras actuacións que non plantexan. Sería interesante acometer a renovación de estradas na zona de Baíñas, tales como O Subeiro, Vilanova, etc. En canto á avenida da Gándara, deberíase de realizar ata o cruce con Monte Faro e deberían incluír os puntos de luz. Nos arranxos de pistas que unen Vimianzo con Montecelos e Pedra do Frade coa Bouza, agardan que unha vez se executen non queden como quedaron outras (cita O Mosquetín). Pregunta porque na senda peonil do rego de Cambeda non se incluíu a iluminación da segunda fase do paseo. Pensa que son necesarias. Gustaríalle que se acometeran obras como o saneamento de Berdoias ou nas rúas Curros Enríquez ou Álvaro Cunqueiro en Vimianzo.

A concelleira do PP di que non vai criticar ningunha obra que se faga, pero son as que considera prioritarias o alcalde. Preocúpalle que se escollan ben as obras a realizar, e que non veña a chuvia e arrase con todo como pasa na estrada de Baíñas a Olveira. Di que os proxectos conteñen unha morea de erros: na escola de Castromil di que non hai obras estruturais, cando se trata dun cambio de cuberta e sí o é; tamén que hai que pedir informe a Patrimonio polo cruceiro de Cambeda, e estamos en Castromil.

O concelleiro de Tega di que son obras importantes e gustaríalle comentar algunha delas: sería importante actuar na ponte de Quitiande, e o alcalde dixo que non se tocaba. Tamén sería importante unha senda peonil para a xente que vai de Subeiro, hai que falar cos veciños para que cedan e poder facer a obra cando haxa dispoñibilidade de financiamento. En Subeiro onte co que choviu non se pasaba e sería importante desviar a auga da estrada, así como canalizar unhas liñas que estorban moitísimo. Cre que deben esixir un pouco máis aos técnicos para que as obras queden mellor. Outra actuación importante sería eliminar algún pose de luminarias en Baíñas, como se fixo na Piroga, que da gusto entrar alí.

A concelleira de IxV di que son obras encargadas polo alcalde e quere facer unha serie de matices: cando se encargan os proxectos o alcalde da unhas directrices e por iso en Baíñas pasou o que pasou. A culpa non é nin da dirección de obra nin da empresa. O firme proxectado non é axeitado dado o tránsito desa estrada. As obras non é só facelas, senón



mantelas despois. Califica de parche a ampliación que se recolle na Gándara, sen puntos de luz, rematando no muíño. Hai que darlle continuidade ao que hai, pero en condicións. Bota menos que se inclúa o pintado e sinalización viaria no que xa hai feito. Outra das obras que lle preocupa é o saneamento de Castrelo, no lugar de Lavandeira. Sinala que nin Roalo nin Cerbán o teñen, e considera que cun pouquiño máis de investimento esa depuradora podería dar servizo a estroutros dous lugares. Tampouco entende que se ubique a depuradora na área recreativa, a carón do río. Facelo cunha tubería de 200 é un parche, insuficiente para ampliálo no futuro. Na obra do paseo, vese que vai de Vilar contra corrente, pola man esquerda. Hai que plantexar tres pontes pero non lle atopa lóxica a facelo así, e lembra que cando hai inundacións o desbordamento adoita ser cara o casco urbano. Tamén bota en falta neste POS que se arranxe o, problema de Tedín. Debería adicar menos cartos a gasto corrente e darlle saída a Tedín, pois as saídas do Ideal e Abanca dan pena. A oposición non pode elaborar propostas alternativas a estes proxectos porque non conta cos medios que ten o goberno municipal.

O alcalde considera que hai que ter unha visión estratéxica do que se está facendo, non unha visión puntual. Non comparte a crítica de IxV á saída de Abanca. O proxecto da Gándara foi pactado cos veciños en todo e ten un sentido: hai que diferenciar as actuacións nos núcleos rurais e nos núcleos urbanos, e Á Gándara é un núcleo rural. Respecto á ponte de Quitande, arranxala ten unha proxección importante e plantexoulle ao presidente da Deputación e ao deputado de vías e obras que a estrada pase a ser provincial e dixéronlle que sí, e espera que plantexen un proxecto. Sinala que a repavimentación dos núcleos rurais é fundamental e van empezar polos que teñen todos os servizos, como Santa Comba de Baíñas. Ao respecto da pista de Monte Faro, cos recursos que hai é o que se pode facer. A oposición ten que dicir de onde quitamos para investir máis nunha obra. Explica que o paseo fluvial se fai por esa marxe pola necesidade de saír en rampa e vai pola zona urbana, xa que a outra marxe é solo rústico. O saneamento de Berdoias, Paizás e Piñeiro claro que é necesario, como en Quintáns de Treos e noutros sitios. Tamén está en axenda a mellora do núcleo de Vimianzo, hai que tratar de localizar as filtracións e separar as pluviais das fecais. Entre Roalo e Castrelo hai moita distancia pola dispersión e a súa idea é actuar con mini-depuradoras, que teñen un mantemento económico, e doutro xeito habería que meter pozos de bombeo. Na parroquia de Castrelo teñen en licitación o saneamento de Vilaseco, que é o núcleo máis importante da parroquia. Comparte as críticas polo estado da estrada de Baíñas, pero que a culpa sexa só do alcalde e os demais non teñan ningunha responsabilidade non é moi crible. Van actuar despois do inverno, e invita á concelleira a ver o expediente e cadaquén asumirá a súa responsabilidade. Están acometendo as obras de reparación da Casa de cultura, que non é unha obra tan vella e ella ben o sabe porque é a representante da empresa constructora. Di que a informática implica erros de copiar e pegar, que non desmerecen nada o proxecto. Alí hai cruceiros e precisa autorización de Patrimonio. Hai que poñer en valor a escola de Castromil, que é a que máis nenos ten. Advirte que están pendentes dunha subvención do IDAE para cambiar luminarias e remata dicindo que o goberno ten que planificar e arranxar os problemas da veciñanza.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:38 horas o alcalde levanta a sesión, e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 19-12-2018.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións no Concello de Vimianzo